



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE MODIFICACIÓN DE DATAS DO CURSO “FC11041 PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS” A REALIZAR EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

**ANTECEDENTES:**

1 Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. ( DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010).

2 Imposibilidade do docente colaborador no curso FC110041” Prevención de riscos laborais.: Centros de servizos sociais” de impartir a clases dos días 2, 3, e 4 de marzo do presente ano, en Santiago de Compostela.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:**

Despois de ver a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. ( DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010), na súa base cuarta, apartado d) dispón:” A EGAP poderá modificar o desenvolvemento e os contidos dos cursos, as datas e os lugares, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.

A vista da posibilidade do docente colaborador de impartir as clases os días 9, 10 e 11 de marzo do presente ano.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Aprazar a celebración das clases dos días 2, 3, e 4 de marzo do curso FC110041” Prevención de riscos laborais.: Centros de servizos sociais” a realizar en Santiago de Compostela para os días 9, 10 e 11 de marzo do presente ano.

2 Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director

Pablo Figueroa Dorrego